



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**O proceso de elaboración
das guías docentes de centro,
da titulación e da materia na
construción do EEES na UDC**

Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea

A Coruña, 28 de xuño de 2007



Sumario

1. Presentación	6
2. Obxectivos	8
3. Estrutura xeral do proceso de adaptación das titulacións en consonancia coa elaboración das guías de centro, de titulación, da materia e da guía de aprendizaxe	9
4. O perfil académico profesional da titulación	10
4.1. O deseño do perfil de competencias da titulación	10
4.2. O tratamento do perfil de competencias da titulación	11
5. As figuras e funcións implicadas no proceso de elaboración das guías docentes de centro, da titulación e da materia na construción do EEES na UDC	12
5.1. Aspectos xerais	12
5.2. A Dirección do Centro	14
5.3. O Profesorado Responsable de Titulación (PRT)	14
5.4. O Departamento	15
5.5. O Profesorado da Materia	15
6. Os niveis de concreción da docencia nas materias	16
6.1. A guía docente da materia	16
6.2. A guía de aprendizaxe	17
7. O proceso de elaboración da Guía Docente da Materia	17
7.1. A participación das diferentes figuras responsables no proceso de xestión da guía docente da materia	17
7.2. O perfil do profesorado: secuencia de traballo que desenvolve para a elaboración da guía docente da materia	18
A) Funcionalidades	18
B) Datos descritivos ou de identificación	19



C) Secuencia de compoñentes específicos da planificación da guía docente	19
<i>Análise do perfil académico profesional e competencias da titulación</i>	19
<i>Definición das competencias da materia vinculadas coas competencias da titulación</i>	20
<i>Concreción e secuenciación de contidos</i>	20
<i>Planificación en ECTS</i>	20
<i>Descrición de metodoloxías docentes</i>	21
<i>Delimitación da atención personalizada</i>	21
<i>Definición das estratexias e criterios de avaliación e distribución do peso da cualificación en relación á materia ..</i>	21
<i>Relación de fontes de información básica e complementaria á materia</i>	22
<i>Indicación de recomendacións de interese para o mellor seguimento da materia</i>	22
<i>Envío da guía docente para a súa publicación</i>	23
8. A elaboración da Guía Docente da Titulación	23
9. A elaboración da Guía Docente do Centro	24
10. Os procesos de formación e apoio na implantación no sistema informatizado de guías docentes	25
10.1. O Profesorado da Materia	25
10.2. O Profesorado Responsable de Titulación	28
10.3. O Departamento	28
10.4. A Dirección do Centro	29
11. O calendario anual no proceso de traballo para elaboración, actualización e publicación das guías docentes de centro, da titulación, da materia e da guía de aprendizaxe	30
12. Consideracións finais	31
13. O soporte técnico e metodolóxico ao proceso de adaptación das titulacións para a elaboración das guías docentes de centro, da titulación e da materia	31

1. Presentación

O desenvolvemento do proceso de Bolonia leva consigo promover procesos nos distintos sistemas universitarios nacionais para favorecer a converxencia a un espazo europeo común. Implica cambios estruturais significativos, pero tamén supón un cambio cultural profundo no ámbito da educación superior onde o profesorado é o motor do dito cambio.

Entre estes procesos establécese que as universidades deben ordenar e organizar a súa actuación en termos de visibilidade, transparencia e calidade a través dunha serie de documentos que describan toda a información da súa oferta académica como vía para regularizar e normalizar o novo marco común.

Esta formulación convértese nun requisito indispensable que define o novo escenario na participación de cada universidade no proceso de adaptación ao EEES para a obtención da mención ECTS, mediante os correspondentes procesos de acreditación das titulacións.

Atendendo a estes requirimentos, as universidades, entre outros documentos, deben elaborar o “catálogo informativo ou guías de cursos” da institución, que se publicará en dous idiomas (ou só en inglés no caso de programas que se impartan na dita lingua), podendo presentarse na web ou en versión impresa. Este catálogo proporcionará ao estudante e persoal docente información útil sobre os centros, as facultades e os departamentos, a organización e a estrutura dos estudos, así como sobre as unidades de curso.

É neste marco no que se fai explícita a necesidade de deseñar a guía docente en clave EEES. Esta defínese coma un instrumento que conterá toda a información sobre cada unha das materias que conforman o mapa de titulacións dunha universidade. Constitúe pois, unha ferramenta básica do Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos (ECTS) para acadar un dos obxectivos fundamentais definidos na Declaración de Bolonia: “A promoción dunha colaboración europea na garantía de calidade con vistas ao deseño de criterios e metodoloxías comparables”.

Deste modo, a planificación da docencia configúrase como unha competencia de primeira orde para o profesorado universitario. Así, o novo escenario de ensino superior a construír supón dedicar unha especial atención, entre outros procesos da actividade docente, á planificación, co fin de que se poida optimizar e reforzar. Esta formulación susténtase na idea de que a optimización e reforzo da planificación contribuirán positivamente ao desenvolvemento dunha docencia de calidade mediante guías que organicen, orienten e faciliten a aprendizaxe dos estudantes.

Esta nova forma sobre o tratamento da planificación docente en relación coa aprendizaxe contribuirá a xerar un sistema baseado na transparencia, información e apoio a todos os implicados no proceso de ensino-aprendizaxe. Facilita, por tanto, a visibilidade e comparación de programas coa pretensión de que o eixe fundamental da docencia universitaria non sexa o ensino senón a aprendizaxe.

Non obstante, a planificación e desenvolvemento de guías docentes debe afrontarse desde un plano institucional. Son as universidades quen deben apoiar estes procesos, tomando como referencia as directrices definidas desde organismos nacionais e supranacionais dos que forman parte. Para iso deben desenvolverse accións, en resposta tanto ás propias necesidades internas como ás esixencias externas; consensuando e configurando un modelo flexible común, que permita afrontar os procesos de planificación, desenvolvemento e xestión da docencia no marco do proceso de converxencia.



Desde esta perspectiva a UDC, consciente das necesidades e implicacións que presenta a construción dun novo escenario de ensino superior, ven realizando unha intensa labor para favorecer unha plena adaptación e integración ao novo marco do EEES. É por isto que a nosa universidade propónse, en consonancia co obxectivo fixado pola Declaración de Bolonia de promover unha colaboración europea en garantía da calidade e excelencia universitaria, asumir un proceso aberto e compartido a nivel institucional establecendo espazos de colaboración para optimizar o impacto das accións que nesta materia se desenvolven na educación superior.

É neste espazo formal de colaboración no que a UDC participa de forma conxunta con outras universidades achegando as súas experiencias, convencidos de que a competitividade non é incompatible coa colaboración, que a confluencia de ideas e recursos son consonantes co progreso e o espazo de desenvolvemento que fan posible a conxugación de ambos principios.

Neste plano de actuación para promover a converxencia e construción do EEES, a UDC centra os seus obxectivos en torno aos procesos vinculados coa docencia, a xestión universitaria, así coma os colectivos que participan dun modo activo nos ditos procesos: profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos.

Deste modo, co obxecto de dar soporte ao profesorado no ámbito da planificación da docencia e nos procesos asociados a súa xestión no novo escenario do proceso de converxencia, a Universidade da Coruña, a través da Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea pon a disposición do seu profesorado a Guía de Harmonización da Docencia Universitaria (GADU), un sistema informatizado baseado nun contorno web que se desenvolveu no marco do Proxecto GADU.

Respecto ao profesorado, a Guía de Harmonización da Docencia Universitaria (en adelante GADU) oriéntase ao cumprimento das seguintes funcións:

- Construír un modelo de guía docente como referente común que favoreza a harmonización da programación da docencia universitaria.
- Proporcionar as orientacións e axudas pedagóxicas necesarias a través dun soporte que toma como base as potencialidades que nos brindan as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Reforzar a planificación da docencia en canto constitúe unha competencia de primeira orde para o profesorado universitario.
- Favorecer a coordinación e colaboración entre o profesorado nos procesos de planificación para que exista un equilibrio entre os programas docentes das diferentes materias.
- Contribuír á mellora das experiencias docentes para un ensino universitario de calidade.

A Guía de Harmonización da Docencia Universitaria, como ferramenta para a xestión da planificación docente no marco do EEES, está deseñada basicamente en dúas direccións. Por un lado contribúe a ordenar os procesos vinculados á ordenación académica, e a dar visibilidade e transparencia á oferta formativa das titulacións da nosa universidade. Por outro lado permite ao profesorado elaborar as guías docentes das materias deseñadas baixo criterios do EEES.

Cumprir estas dúas misións implica pensar globalmente os procesos de ordenación académica para dar visibilidade á oferta das nosas titulacións, sen perder de vista que ambas van da man dun proceso de formación do profesorado, onde a elaboración da guía docente das materias é o engrenaxe que nos permite iniciar o cambio cultural que emana da declaración de Bolonia.

Neste sentido, o deseño da estratexia para a implantación da Guía de Harmonización da Docencia Universitaria (GADU) no proceso de construción do EEES partiu dunha serie de decisións previas:

- Participación de todas as titulacións da universidade, para xerar unha sensación de compromiso xeral e de compartir os posibles problemas que se van xerando.
- Definición dos estándares de calidade que a universidade pretende conseguir neste novo marco docente.
- Deseño de obradoiros formativos prácticos, dirixidos á obtención dun produto, de contido significativo que parten da experiencia e realidade do día a día do profesorado.
- Ofrecer asesoramento e apoio durante o proceso de elaboración das guías docentes.
- Asumir diferentes niveis de desenvolvemento entre as diferentes titulacións e darlles curso, sen romper un proceso que debe ser harmónico no conxunto da universidade.
- Aproveitamento das potencialidades das TIC como soporte esencial para xestionar este proceso.
- Partir da realidade que define a identidade de cada contexto.

Estas decisións recollen aspectos importantes que se fundamentan no traballo compartido e a colaboración cos diferentes axentes que na UDC participan do proceso de construción do EEES.

2. Obxectivos

En consonancia co contexto que estamos a describir, froito do desenvolvemento que a Universidade da Coruña ven levando a cabo en torno ao proceso de construción do EEES, o presente documento ten como obxectivos:

- Describir en termos xerais o proceso de traballo que a UDC asume na adaptación das súas titulacións no EEES.
- Presentar a Guía de Hamonización da Docencia Universitaria (GADU) a través da que a Universidade da Coruña xestionará os procesos de deseño e visualización da planificación docente a nivel de centros, titulacións e materias.
- Determinar os aspectos organizativos no ámbito da ordenación académica que garantan a efectiva xestión e desenvolvemento dos procesos de deseño e visualización da planificación docente a nivel de centros, titulacións e materias.
- Describir os procesos formativos/informativos asociados aos distintos perfiles que interveñen no proceso de xestión e ordenación da oferta académica.
- Vincular os procesos formativos técnicos e metodolóxicos a través dunha ferramenta tecnolóxica pensada para a planificación docente no ámbito da educación superior.
- Dar a coñecer os mecanismos de implantación a través dos procesos formativos que se definiron na planificación docente no ámbito da educación superior a través da Guía de Hamonización da Docencia Universitaria (GADU).

3. Estrutura xeral do proceso de adaptación das titulacións en consonancia coa elaboración das guías de centro, de titulación, da materia e da guía de aprendizaxe

A UDC, a través da Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea definiu un itinerario de traballo para promover o proceso de adaptación das súas titulacións ao EEES. Este proceso desenvólvese en colaboración cos diferentes responsables académicos, en consonancia coa normativa académica actual, favorecendo as canles axeitadas que permitan proporcionar o soporte técnico e metodolóxico a través dos diferentes servizos da universidade.

Táboa 1: Estrutura xeral do proceso de adaptación das titulacións en consonancia coa elaboración das guías de centro, de titulación, da materia e da guía de aprendizaxe

Descrición de tarefas	VCHE	SD	DC	PRT	DPTO	PM
1. Proposta do proceso de traballo	X	X	X	X		
2. Deseño do perfil académico profesional coas competencias específicas e transversais da titulación				X		
a) Constitución dunha comisión de traballo por titulación				X		
b) Elaboración e aprobación da proposta inicial do perfil académico profesional pola comisión de traballo da titulación				X		
c) Ratificación da proposta da comisión de traballo da titulación pola Comisión de Estudos da Xunta de Centro				X		
d) Aprobación da proposta en sesión plenaria de Xunta de Centro				X		
3. Definición da relación de competencias por materias						x
4. Elaboración dunha guía de metodoloxías docentes		X		X		X
5. Deseño do programa xeral: a guía docente de la materia						X
a) Asignación dos coordinadores da materia e do profesorado implicado na súa docencia					X	
b) Elaboración da guía docente da materia						X
c) Aprobación da guía docente da materia					X	
d) Publicación da guía docente da materia				X		
6. Elaboración e publicación da guía docente da titulación				X		
7. Elaboración e publicación da guía docente do centro			X			
8. Deseño da programación específica: a guía de aprendizaxe						X
9. Coordinación dos plans de traballo				X		X
10. Mecanismos de seguimento para a aseguranza da calidade	X	X		X		
11. Soporte técnico e metodolóxico	X	X				

VCHE: A Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea

SD: Soporte á Docencia

DC: A Dirección do Centro

PRT: O Profesorado Responsable de Titulación

DPTO (CDG): O Departamento (Coordinador Departamental de Guías)

PM: O Profesorado da Materia

4. O perfil académico profesional da titulación

4.1. O deseño do perfil de competencias da titulación

O perfil de competencias da titulación é o referente para elaborar ás guías docentes das súas materias.

De acordo co proceso de adaptación e a progresiva construción do espazo europeo de educación superior, a dirección do centro é a responsable de coordinar a elaboración do perfil académico-profesional en consonancia co proxecto das súas titulacións actuais. Como apoio a esta labor, o decano/a ou o director/a da escola poderá asignar as labores de coordinación nalgunha das figuras do Profesorado Responsable de Calidade e Convergencia (PRCC), no Profesorado Responsable de Titulación (PRT) ou noutro profesor/a do centro. A proposta inicial do perfil da titulación elaboraa a comisión creada polo centro e apróbbase finalmente en Xunta de Centro ou de Escola segundo o tipo de centro.

O modelo para a elaboración do perfil académico profesional sobre a base das actuais titulacións contempla:

1. O bloque que recolle os compoñentes previos en torno aos que se configura a **identidade profesional** e que serven para situar os referentes contextuais que guían a concreción das competencias da titulación. Estes compoñentes son:
 - a. Os **ámbitos de traballo**, que recollen os sectores ou espazos de traballo no que os titulados desenvolven a súa labor profesional.
 - b. As **figuras profesionais**, a través das que se da resposta ao tipo de especialización que se require nos distintos sectores de traballo.
 - c. As **funcións e tarefas**, para determinar que é o que debe saber facer cada unha destas figuras segundo os ámbitos nos que traballa.
 - d. Os **niveis de formación**, co obxecto de perfilar que tipo de coñecementos debe ter cada figura segundo os ámbitos de traballo
2. O bloque a través do que se definen as **competencias da titulación**. Neste apartado recóllense tres tipos de competencias:
 - a. Tipo A: **Competencias específicas**. Integran as competencias propias do “saber” e do “saber facer”, que conforman o campo disciplinar propio da titulación. Son competencias relacionadas directamente coa ocupación/profesión. No contexto do proceso de adaptación da UDC ao EEES presentado aos centros a través do Profesorado Responsable de Calidade e Convergencia (PRCC), estas competencias debe definilas a comisión proposta pola dirección do centro para este cometido.
 - b. Tipo B: **Competencias xenéricas ou transversais**. Refírense a competencias transferibles a multitude de situacións e tarefas. Integran as competencias propias do “saber ser e estar” que non son exclusivas dun único ámbito disciplinar, senón que son comúns a todos eles. Por exemplo, todo titulado ha de ter capacidade para traballar en equipo, adaptarse a novas situacións, traballar de forma autónoma, comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional... Estas competencias deben traballarse de forma integrada coas competencias específicas. A UDC propón unha serie de competencias xenéricas, pero cada titulación pode engadir outras. Estas competencias defíneas a titulación.

- c. Tipo C: **Competencias nucleares.** Son comúns a todas as titulacións da UDC. Polo tanto, estas competencias defíneas a universidade. Enténdense como competencias esenciais comúns ligadas á institución. Son aquelas competencias que se pretende que teña todo titulado da Universidade da Coruña. Pódense abordar de forma integrada no currículo das materias e de forma específica a través de accións formativas desenvolvidas dende servizos da UDC como o Centro de Linguas, o CUFIE, a Aula de Formación Informática, etc. A UDC propón a seguinte relación de competencias nucleares:
1. Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
 2. Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
 3. Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
 4. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
 5. Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
 6. Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
 7. Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
 8. Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

4.2. O tratamento do perfil de competencias da titulación

De acordo co modelo exposto no apartado anterior, o tratamento do perfil de competencias dunha titulación farase en función das seguintes situacións:

- a. En tanto non se implanten os títulos de grao, para as materias das titulacións de primeiro e segundo ciclo, as guías docentes elaboraranse tomando como referencia o perfil de competencias que cada centro elaborou en consonancia co proxecto do plan da titulación vixente na actualidade no marco do proceso de adaptación proposto dende a Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea.
- b. Unha vez que se implanten os títulos de grao, as guías docentes das súas materias desenvolveranse tomando como referencia o perfil de competencias recollidos no proxecto da titulación.
- c. No caso dos Programas Oficiais de Posgrao (POP), as guías docentes das súas materias desenvolveranse tomando como referencia o perfil de competencias recollidos no proxecto da titulación.
- d. Para os Estudos Propios de Posgrao (EPP) organizados en clave EEES, segundo se recolle no Regulamento de Estudos Propios de Posgrao, as guías docentes das súas materias desenvolveranse tomando como referencia o perfil de competencias que figura no proxecto da titulación aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña.

Corresponde ao profesorado que teña asignada docencia nas materias en colaboración co profesorado coordinador da materia, determinar entre as competencias do perfil da titulación aquelas ás que se contribúe a desenvolver dende as ditas materias.

Inicialmente, para este primeiro ano de implantación, todo o profesorado que comparte docencia nunha materia, xunto co profesorado coordinador da mesma, terán acceso para editar a guía docente da materia. Será o profesorado coordinador o que, unha vez acordado co conxunto do profesorado implicado na docencia da materia que a guía está rematada, o que activará o seu envío para que poida seguir o proceso de validación para a súa publicación no conxunto da guía docente da titulación e da guía docente do centro.

No transcurso da súa implantación (curso académico 2006/2007 e 2007/2008), e segundo os resultados da experiencia formularanse os axustes necesarios para a normalización académica do proceso que permita editar e publicar as guías docentes no ámbito dun curso académico.

5. As figuras e funcións implicadas no proceso de elaboración das guías docentes de centro, da titulación e da materia na construción do EEES na UDC

5.1. Aspectos xerais

As accións vinculadas a GADU pódense dividir en dous grandes bloques:

- Aquelas relacionadas coa elaboración da guía docente a nivel de centro, titulación e materia baixo criterios do EEES polo profesorado da UDC.
- Aquelas vinculadas á visualización da oferta académica.

Táboa 2: Bloques asociados ás accións de GADU

Bloques asociados ás accións de GADU	
<u>Bloque I</u> Elaboración guías docentes en clave EEES	<u>Bloque II</u> Visualización da oferta académica

Así mesmo, os perfís de acceso a GADU cumpren este idéntico patrón dual. Deste modo, por exemplo, o perfil da Dirección, é un perfil claramente orientado a facer visible a oferta dunha facultade ou escola, mentres que o perfil do profesor é claramente para a elaboración das guías docentes das materias en clave EEES.

As figuras que se contemplan no seu conxunto no proceso de planificación da docencia a través de GADU son:

- O Profesorado da Materia.
- O Departamento, que poderá actuar a través do Director/a ou dun Coordinador/a Departamental de Guías (CDG).
- O Centro, que poderá actuar ben a través do seu Decano/a ou Director/a, ou ben a través dun Profesor/a Responsable de Titulación (PRT).
- O Director/a ou Decano/a do Centro.
- O Soporte á Docencia (SD).

Seguindo co que se formulou na táboa 2 (Bloques asociados ás accións de GADU) podemos esquematizar que cada unha destas figuras encaixa nun bloque, excepto o caso do Profesorado Responsable de Titulación (PRT) e o Departamento, que están orientadas a unha dobre vertente. En ámbolos dous casos contribúen por unha parte a elaborar as guías docentes das materias que coordinan e, por outra, deben garantir que a visualización da oferta académica sexa coherente, consistente, fiable e transparente.

Táboa 3: Figuras e bloques asociados ás accións de GADU

Figuras e bloques asociados ás accións de GADU	
Bloque I	Bloque II
Elaboración guías docentes en clave EEES	Visualización da oferta académica
Profesorado	Dirección
Profesorado Responsable de Titulación / Departamento	

O desenvolvemento destas figuras no contexto dos procesos de deseño e visualización da planificación docente a nivel de centros, titulacións e materias ven determinado por:

- A análise teórica das funcións dos diferentes participantes nos procesos vinculados á ordenación académica.
- A valoración da importancia que ten facer partícipes a varios representantes de cada perfil, para a colaboración na definición, deseño, implementación e no proceso de mellora de cada perfil.

Concretamente, as funcións xerais asumidas en relación a cada unha destas figuras que interveñen nos procesos de deseño e visualización da planificación docente a nivel de centros, titulacións e materias en GADU son:

Táboa 4: Figuras e funcións en GADU

Perfil	Función
Departamento	<ul style="list-style-type: none">- Asignar a docencia das materias especificando o profesor/a que actuará como coordinador/a de cada unha delas.- Propor, de selo caso, o profesor/a que actuará como Coordinador/a Departamental de Guías (CDG).- Aprobar as súas guías das materias.
Profesorado da materia	<ul style="list-style-type: none">- Elaborar guía docente da materia en clave EEES.
Coordinador Departamental de Guías (CDG)	<ul style="list-style-type: none">- Coordinar as guías docentes das materias do seu departamento, asegurando a súa elaboración e colaborando co Director/a para a súa aprobación en Consello de Departamento.- Actuar conxuntamente co Profesor/a Responsable de Titulación (PRT) na resolución dos problemas de coordinación.

Perfil	Función
Responsable de Titulación (PRT)	<ul style="list-style-type: none">- Velar pola calidade e fiabilidade da información da oferta académica da titulación.- Colaborar na elaboración da guía docente do centro.- Extraer informes para asegurar a coherencia da oferta académica da titulación.- Coordinarse co profesorado Coordinador Departamental de Guías (CDG) para asegurar a elaboración das guías docentes das materias da titulación.
Dirección do Centro	<ul style="list-style-type: none">- Elaborar e actualizar a Guía Docente do Centro.- Supervisar a oferta académica do centro.- Publicar a oferta académica do centro.
Soporte á Docencia (SD)	<ul style="list-style-type: none">- Dar apoio, asesoramento e formación ás distintas figuras implicadas no proceso de elaboración das guías docentes.- Administrar aplicación para garantir a fiabilidade do sistema.

Feita esta primeira aproximación ás figuras e as funcións, describimos a continuación con máis detalle estes e outros aspectos organizativos no ámbito da ordenación académica que garantan a efectiva xestión e desenvolvemento dos procesos de deseño e visualización da planificación docente nos seus distintos niveis.

5.2. A Dirección do Centro

A Dirección do Centro, para a que se contempla un perfil específico no sistema informatizado da Guía de Harmonización da Docencia Universitaria (GADU), é a responsable de xestionar a elaboración da Guía Docente do Centro e da publicación da oferta académica.

A Guía Docente de Centro recollerá toda a información de interese para o alumnado e o profesorado sobre o seu funcionamento, organización, estrutura, actividades, infraestrutura, calendario, titulacións e as guías docentes das materias de cada unha das titulacións, así como toda aquela información que o centro considere de interese para o mellor desenvolvemento dos servizos que dirixe ás persoas vinculadas coa actividade do centro.

Entorno a este perfil o centro poderá asignar a outras persoas entre o seu profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos, que darán apoio á elaboración da guía docente de centro, a que terán acceso a través do sistema informatizado.

5.3. O Profesorado Responsable de Titulación (PRT)

O Profesorado Responsable de Titulación, para o que se contemplan este perfil de traballo no sistema informatizado da Guía de Harmonización da Docencia Universitaria (GADU), é o responsable de coordinar e supervisar a elaboración da Guía Docente da Titulación.

A Guía Docente da Titulación contempla o perfil de competencias da titulación, o plan de estudos coa relación de materias coas súas correspondentes guías docentes, o calendario, os itinerarios, os horarios así coma toda aquela información de interese relacionada coa titulación.

A persoa responsable da titulación é por omisión o decano/a da facultade ou, no seu caso, o director/a da escola. Para os actuais títulos de primeiro e segundo ciclo, así como para os futuros títulos de grao, a Universidade poderá nomear, a proposta da Xunta de Centro, un Profesor/a Responsable de Titulación (PRT) con labores de coordinación vertical do plano de estudos e de elaboración da guía da titulación. Cada centro poderá propor o nomeamento dun responsable por cada titulación oficial existente. Para os Programas Oficiais de Posgrao actuará como Profesor Responsable de Titulación (PRT) o que figura como coordinador/a de cada máster oficial. O coordinador será quen de solicitar que a Coordinador do Soporte á Docencia (SD) dea acceso individualizado a todos aqueles docentes que non son da Universidade da Coruña.

Os Estudos Propios de Posgrao poderán utilizar o sistema informatizado desenvolvido pola Universidade. Neste caso solicitarán o acceso á aplicación directamente ao Coordinador do Soporte á Docencia quen se ocupará de facilitar o proceso de elaboración e publicación das guías das materias e da titulación.

5.4. O Departamento

O Departamento é o responsable de actualizar o profesorado de acordo co seu Plan de Ordenación Docente (POD), distribuír a docencia das materias entre o profesorado do departamento asignando para cada unha a un profesor/a que actuará como coordinador/a da materia, revisar e validar as guías docentes das materias elaboradas polo profesorado do departamento para a súa publicación e utilizar os informes xerados pola aplicación informática sobre o estado da docencia no ámbito do departamento respecto das titulacións nas que desenvolve a actividade docente.

Cando haxa un só profesor/a por materia, este/a será tamén o coordinador/a. Cando na docencia dunha materia participen máis dun profesor/a o departamento, previo acordo entre o profesorado, asignará a un como coordinador da materia.

A persoa que asume a responsabilidade nas funcións que corresponden ao departamento é por omisión o director/a do departamento. Para os actuais títulos de primeiro e segundo ciclo, así como para os futuros títulos de grao, a Universidade poderá nomear, a proposta do Consello de Departamento, un profesor/a Coordinador/a Departamental de Guías (CDG) con labores de coordinación das guías docentes correspondentes ao seu departamento. Esencialmente velará pola elaboración en prazo das guías que lle correspondan, coordinarase cos Responsables de Titulación cando proceda e contribuirán á resolución dos posibles problemas que poidan xurdir.

5.5. O Profesorado da Materia

O Profesorado, para o que se contemplan este perfil de traballo no sistema informatizado da Guía de Harmonización da Docencia Universitaria (GADU), é o responsable de elaborar a Guía Docente da Materia e a Guía de Aprendizaxe.

Entorno á figura do profesorado contéplase un dobre perfil: a do Profesorado Coordinador e a do Profesorado da Materia.

No plano da elaboración da Guía Docente da Materia, segundo á asignación da docencia que realice o departamento, daranse as seguintes situacións:

1. Naqueles casos en que a docencia dunha materia estea asignada a un só profesor, este será o coordinador e responsable de elaborar a guía docente da materia.

2. Se na docencia dunha materia participa máis dun profesor o departamento asignará a un deles como coordinador. O resultado da guía docente deberá ser acordado polo conxunto do profesorado da materia previa á súa edición na aplicación informática. Terán acceso para editar a guía docente da materia todos os profesores da mesma. Será o coordinador o encargado de enviála unha vez que se elabore, sendo o responsable de decidir en última instancia sobre as discrepancias que se poidan presentar.

No plano da elaboración da Guía de Aprendizaxe o profesorado disporá dun espazo na Facultade Virtual para xestionar a actividade docente que desenvolva no contexto de cada grupo.

6. Os niveis de concreción da docencia nas materias

Segundo o modelo definido pola UDC son dous os niveis de concreción no deseño e desenvolvemento da docencia dunha materia: a Guía Docente da Materia e a Guía de Aprendizaxe. Dado que nos situamos no plano da materia, corresponde ao profesorado a concreción destes dous niveis.

6.1. A guía docente da materia

A **guía docente da materia** supón un primeiro nivel de concreción da planificación e recolle tanto os datos descritivos da materia como os aspectos xerais da programación: competencias, contidos, desenvolvemento ECTS, metodoloxías, atención personalizada, avaliación, etc. O profesorado deséñaa dende o sistema informatizado das guías docentes (GADU) que é unha ferramenta específica integrada no campus virtual da universidade.

O contido que aquí se describe móstrase desde a web institucional, sendo o seu acceso de dominio público. Isto responde a un dos obxectivos definidos polo Proceso de Bolonia para a integración das universidades no Espazo Europeo de Educación Superior: que o alumnado coñeza o contido xeral dos programas docentes antes de que se inicien os procesos de matrícula. A guía asume, neste sentido, unha formulación proactiva, pois permite ao alumnado anticiparse á situación coa que logo se atopará na materia. Trátase, polo tanto, de favorecer que o alumnado teña elementos de referencia que lle permitan valorar a idoneidade de se se atopa en situación de poder responder ás esixencias que se suscitan en relación a cada materia de acordo ás súas propias competencias.

O conxunto de guías docentes das materias dun plan de estudos conformarán a guía docente da titulación e son accesibles desde a sección de docencia e estudo da web institucional como desde os espazos web dos propios centros de estudo. Constitúen, como sinalamos, un referente para o profesorado que comparte docencia na titulación, un soporte de orientación a nivel académico para o alumnado que xa se atopa cursando estudos e un observatorio para o alumnado preuniversitario que queira interesarse por coñecer os estudos da nosa universidade.

A guía docente da materia ten un carácter estático, unha vez aprobada e publicada na web para o curso académico que se desenvolva non se poderá modificar. Neste sentido cumpre a función de compromiso e contrato que a institución asume co alumnado que participa nos seus programas formativos.

A UDC asume a Guía de Harmonización da Docencia Universitaria (GADU) como o sistema a través do que se elaborarán e farán públicas as guías docentes das materias. A súa implantación oficial para o curso 2007/2008 substitúe ao actual proceso de entrega de programas nos departamentos e secretarías dos centros. A información publicada terá carácter oficial a tódolos efectos.

6.2. A guía de aprendizaxe

A **guía de aprendizaxe** supón un segundo nivel de concreción da planificación da docencia sobre os apartados definidos na planificación xeral. Baséase no desenvolvemento dos contidos a través das actividades de aprendizaxe de acordo aos contidos, metodoloxías e planificación que se definiron na guía docente da materia, polo que debe darse unha coherencia entre os dous niveis de planificación. O deseño da guía de aprendizaxe realízase desde a plataforma de teleformación da universidade, integrada no campus virtual coa aplicación de guías docentes (GADU). Polo tanto, este é un espazo restrinxido ao que só teñen acceso o alumnado matriculado na materia e o profesorado implicado no súa docencia. Como espazo de traballo concíbese como un contorno dinámico no que se produce a interacción entre o alumnado e destes co profesorado.

Desde o espazo da guía de aprendizaxe o alumnado pode coñecer en relación a cada unidade de programa: os contidos, actividades, recursos didácticos, o sistema de avaliación específica sobre cada actividade, recibir unha atención personalizada, así como coñecer o seu progreso; todo iso enmarcado nun plan de traballo distribuído no tempo de forma secuenciada tanto no que afecta ao traballo presencial como ao traballo persoal que se realice en escenarios que non requiren a presenza do profesor e aqueles que se desenvolverán a través da plataforma de teleformación do campus virtual no que se integra a guía de aprendizaxe que orienta o seguimento de todo o proceso.

7. O proceso de elaboración da Guía Docente da Materia

7.1. A participación das diferentes figuras responsables no proceso de xestión da guía docente da materia

No ámbito da elaboración da guía docente da materia as funcións que desenvolven os distintos perfiles que interveñen neste proceso son:

1. **O Departamento:** asignación da docencia ao profesorado adscrito ás áreas do departamento indicando para cada materia o profesorado que actuará como coordinador na elaboración da guía docente.
2. **O Profesorado da Materia:** elaboración e envío da guía docente. Para esta fase é preciso que se elaborase e introducíse na aplicación o perfil de competencias da titulación que aprobou o centro.
3. **O Departamento:** revisión e validación das guías docentes para a súa publicación. O departamento poderá desenvolver estas funcións coa axuda do profesor/a Coordinador/a Departamental de Guías (CDG).
4. **O Profesorado Responsable de Titulación:** revisión e validación da guía da titulación para a súa publicación.
5. **A Dirección:** publicación da guía do centro, que inclúe a das titulacións e as correspondentes a cada materia.

7.2. O perfil do profesorado: secuencia de traballo para a elaboración da guía docente da materia.

Tres son os grandes bloques que conforman a estrutura xeral da guía docente da materia, tal como se mostra na seguinte imaxe:

- A) Funcionalidades.
- B) Datos descritivos ou de identificación.
- C) Compoñentes específicos.

Figura 1: Bloques que estruturan a guía docente en GADU

The screenshot shows the 'Xestión da Guía Docente UDC: profesorado' web application. The interface is divided into three main sections:

- A) Funcionalidades:** The top navigation bar includes 'Archivo', 'Editar', 'Ver', 'Ir', 'Marcadores', 'Herramientas', and 'Ayuda'. There are also language selection options (galego, castellano, english) and a 'Perfil' dropdown menu set to 'Profesor/a'.
- B) Datos descritivos ou de identificación:** A table displaying subject information for 'Novas tecnoloxías aplicadas á educación / 001111002'.

DATOS IDENTIFICATIVOS							
Materia	Novas tecnoloxías aplicadas á educación					Código	001111002
Titulación	UM - Diplomado en Educación Primaria					Ciclo	1º e 2º Ciclo
Créditos, tipo e calendario	Cr. totais	Cr. teóricos	Cr. prácticos	Cr. clínicos	Tipo	Ano académico	Período
	8	3	3	2			
Idioma	Selecciona [dropdown] [flag]						
Prerrequisitos							
Departamento							
Coordinador/a	Iglesias Amorin, Fernando		Correo electrónico		amorin@udc.es		
Profesores/as							
Web	(Sen http://) [input field]						
Descrición / contextualización	[text area]						
- C) Compoñentes específicos:** A bottom section showing a sequence of steps: PASO 1: Competencias da titulación, PASO 2: Competencias da materia, PASO 3: Contidos, PASO 4: Planificación, PASO 5: Metodoloxías, PASO 6: Atención personalizada, PASO 7: Avaliación, PASO 8: Fontes de información, PASO 9: Recomendacións, and PASO 10: Enviar guía docente á unidade metodolóxica.

A) Funcionalidades

As funcionalidades recollen os aspectos básicos e instrumentais de configuración do contorno da aplicación para iniciar e visualizar o proceso de elaboración dunha guía docente por parte do profesorado. Estas funcionalidades son:

- Personalización do tamaño de fontes.
- Selección de idioma.
- Selección do perfil de usuario.
- Selección de materias.
- Regreso á pantalla principal.
- Vista de resultado da guía docente formato web e RTF.
- Manual de axuda.
- Saír da aplicación.

B) Datos descritivos ou de identificación:

Os datos descritivos teñen como finalidade identificar unha materia e situala de acordo a uns parámetros administrativos. Neste apartado descríbense datos como: a titulación, a materia, o idioma, o curso, o número de créditos, o profesorado da materia, etc.

C) Secuencia de compoñentes específicos da planificación da guía docente:

Estes son os compoñentes de carácter esencialmente metodolóxico a través dos que o profesorado planifica de forma ordenada a súa acción docente, establecendo unha coherencia interna entre os diferentes elementos que a compoñen.

Estes compoñentes fundaméntanse nas directrices do EEES descritas no documento "ECTS Users Guide. European Credit Transfer and Accumulation System and the Diploma Supplement" (2004):

1. Análise das competencias do perfil académico profesional da titulación.
2. Definición das competencias da materia e a súa vinculación coas competencias da titulación.
3. Concreción e ordenación de contidos.
4. Planificación (distribución ECTS).
5. Descrición e contextualización das metodoloxías docentes.
6. Delimitación da atención personalizada.
7. Definición das estratexias e criterios de avaliación e distribución do peso da cualificación en relación á materia.
8. Concreción das fontes de información básicas e complementarias.
9. Especificación de recomendacións de interese para o mellor seguimento da materia.
10. Revisión de alertas e envío da guía docente para a súa aprobación e publicación.

Brevemente expóñense os aspectos metodolóxicos principais tomados en conta respecto a cada un destes compoñentes:

Paso 1: Análise do perfil académico profesional e competencias da titulación

Este é o primeiro paso no proceso de elaboración da guía docente, en tanto que constitúe o referente principal que debe guiar o deseño dos demais compoñentes da materia. Neste sentido, é o nexa que vincula o proxecto da titulación coa planificación da materia.

É a partir de aquí cando o profesorado fai seu o proxecto da titulación, composto polo perfil e as competencias específicas, transversais e nucleares e debe reflexionar sobre cómo a súa materia pode contribuir á adquisición das competencias definidas neste proxecto común.

Paso 2: Definición das competencias da materia vinculadas coas competencias da titulación

Neste paso o profesorado explicita as competencias propias da materia que debe alcanzar o alumnado ao finalizar o proceso de ensino-aprendizaxe, valorándoo en termos do que debe saber, saber facer e saber ser e estar, ao tempo que vincula estas competencias con aquelas do perfil da titulación ás que contribúe.

Aquí é onde o profesor pode pasar a un modelo centrado na aprendizaxe do alumno, indicando as competencias que este debe adquirir. Estas competencias deben estar asociadas dalgún xeito a actividades planificadas cuxa realización pode ser avaliada.

Paso 3: Concreción e secuenciación de contidos

Neste apartado preténdese que o profesorado reflexione sobre diferentes aspectos que orientan o tratamento dos contidos. Estes son:

- Seleccionar os que son verdadeiramente relevantes para o ámbito disciplinar, adecuándoos ás necesidades formativas dos estudantes, é dicir, ao perfil profesional para o que se están formando.
- Establecer o seu volume en consonancia co peso curricular fixado para a materia, é dicir, respecto á carga de traballo que suporá para o alumnado.
- Definir unha secuencia atendendo á relación que gardan entre eles (estrutura interna), así como polo nivel de dificultade que presentan segundo as capacidades desenvolvidas previamente polo alumnado (coñecementos, habilidades e destrezas).
- Os contidos deben estar coordinados de modo horizontal, ao longo do tempo nos cursos que compoñen a titulación, e vertical, coas materias cohabitantes dun mesmo curso académico, evitando solapamentos ou repetición, dispersión ou omisión de contidos. Aquí o traballo en equipo por parte do profesorado é crucial.

Paso 4: Planificación en ECTS

As materias expresadas en ECTS supoñen un tempo total de dedicación ao traballo e estudo para o alumnado. O profesor debe planificar a actividade que o estudante debe realizar para acadar as competencias da materia, distribuindo a totalidade do tempo asignado á materia.

Dado o carácter de compromiso público que teñen as guías docentes, neste apartado o profesorado deberá reflectir coa maior fiabilidade posible a actividade real que se realiza na materia. Isto non impide a planificación de actividades ou o uso de metodoloxías innovadoras que respondan ao reto de mellora continua centrada na aprendizaxe que son característicos do crédito ECTS.

Este é un paso angular en canto que implica o tratamento simultáneo de diversos compoñentes da planificación como: as metodoloxías, a avaliación, a atención personalizada e a carga de traballo do alumnado, sempre desde o plano da dedicación deste e, por extensión, ten que buscar un equilibrio coa estimación da dedicación do propio profesorado e a aprendizaxe autónoma do alumnado.

Esta forma de ordenar a planificación da docencia é unha das novidades importantes que permite facer realidade un modelo centrado no estudante, desde o punto de vista da carga de traballo. Supón por tanto, un paso de especial complexidade en tanto que implica conxugar variables metodolóxicas e temporais sobre as que non existía tradición ata este momento.

Neste sentido, o profesorado debe tomar conciencia dos tempos reais de dedicación, tanto os do alumnado como dos seus, para axustalos dun xeito realista.

Paso 5: Descrición de metodoloxías docentes

O que se pretende a través deste apartado é que o profesorado oriente, dea pautas e contextualice o traballo do alumnado en relación á actividade que se vai a desenvolver na materia.

A metodoloxía cumpre unha función orientadora en canto que describe a forma na que organizamos o traballo que levaremos a cabo na nosa materia. Por tanto, permite ao alumnado coñecer o tipo de actividades que se van a realizar.

A través da metodoloxía damos pautas dos procesos que describen a actividade que desenvolverá o profesor, pero tamén dos pasos que guiarán a actividade do alumno, de modo que lle servirán para situarse respecto ás distintas dinámicas nas que participará ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Un determinado tipo de actividade non é por si mesmo exclusivo dun único ámbito disciplinar. Na súa utilización haberá diferenzas de acordo a variables contextuais coma: o profesor, a materia, a titulación, o curso, os recursos, o tempo que lle dedicamos, etc. Por iso, é importante contextualizar cada metodoloxía en relación á dinámica da nosa materia en particular.

Paso 6: Delimitación da atención personalizada

O profesorado debe valorar a importancia da atención personalizada na súa actividade académica, dado que un dos novos roles destacado do profesorado no marco do EEES é o papel de orientador e facilitador, atendendo ás características individuais do seu alumnado. Esta atención personalizada descríbese tomando como punto de referencia á materia.

Non se debe confundir atención personalizada con titoría académica, xa que esta fai referencia á necesidade de asignar a cada alumno un titor desde primeiro curso da titulación ata que finaliza os estudos universitarios, co obxectivo de ofrecer un apoio permanente e formal naqueles momentos nos que debe tomar decisións.

Paso 7: Definición das estratexias e criterios de avaliación e distribución do peso da cualificación en relación á materia

Neste apartado incídese na importancia de entender a avaliación como proceso continuo de recollida sistemática de información que axuda a tomar decisións que afectan a aspectos relacionados co traballo do alumnado e do profesorado. As súas potencialidades dentro dos procesos de ensino-aprendizaxe a sitúana como elemento clave no EEES.

A avaliación descríbese a partir das metodoloxías sobre as que o profesorado considera que se realizarán actividades que terán unha implicación na avaliación. Para isto, o exercicio que realiza o profesorado neste apartado é:

- Describe, de modo xeral, cales son os aspectos que tomará como referencia para avaliar o traballo que realizará o alumnado en relación ao conxunto de actividades.
- Asigna mediante unha porcentaxe, a incidencia/peso que terán sobre a avaliación final da materia.
- Se o considera oportuno, pode facer algunha observación ao alumnado en relación á avaliación.

Ao profesorado permítelle reflexionar sobre a súa práctica para melloralala. Así mesmo, obtén información de forma continua para coñecer cal é a situación do seu alumnado en relación ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao alumnado permítelle coñecer a súa propia evolución, favorecendo o desenvolvemento da súa autonomía no proceso de ensino-aprendizaxe, ao tempo que acredita o nivel conseguido mediante un sistema de cualificacións.

A avaliación, entendida como un proceso continuo, debe considerar unha serie de parámetros esenciais:

- Integra a función diagnóstica, formativa e sumativa.
- Realízase en diferentes momentos: inicio, durante e final do proceso formativo.
- Utilízanse diversos procedementos e instrumentos de recollida de información, etc.

Finalmente, debemos considerar a avaliación como un elemento que permite comprobar a coherencia e o sentido do proceso de ensino-aprendizaxe, en canto que constitúe un referente que guía a toma de decisións que van desde a conexión das competencias cos resultados de aprendizaxe, pasando pola metodoloxía utilizada, os instrumentos para a certificación dos niveis de coñecementos, etc.

Paso 8: Relación de fontes de información básica e complementaria á materia

Neste apartado o profesorado indica as fontes de información como recursos didácticos para ampliar, completar e axudar no proceso de aprendizaxe do alumnado vinculado á materia.

É importante que o profesorado seleccione as fontes atendendo a criterios pedagóxicos, delimitando unha secuenciación en coherencia cos contidos, de forma que oriente ao alumnado no tratamento destes recursos para que sexan formativos en si mesmos e favorezan a autoaprendizaxe.

Paso 9: Indicación de recomendacións de interese para o mellor seguimento da materia

Atendendo ao comentado anteriormente en relación a establecer unha coherencia entre os compoñentes da guía e, especialmente co itinerario curricular ao longo da titulación, é importante que o profesorado teña unha perspectiva global e tome como referencia o resto de materias da titulación. Neste sentido é importante que facilite recomendacións ao alumnado sobre:

- As materias que debe ter cursado previamente.
- As materias que debe cursar simultaneamente.

- As materias que continúan o temario.
- Outros aspectos que considere de interese, como por exemplo: orientacións para o estudo, pautas para a mellora e a recuperación, etc.

Paso 10: Envío da guía docente para a súa publicación

Unha vez elaborada a guía será o coordinador da materia quen terá a función de enviala como confirmación da súa realización.

Este paso conecta coa modalidade de asesoramento e apoio personalizado que se presta desde o soporte metodolóxico a cada profesor.

Desde aquí o profesorado solicita apoio técnico e metodolóxico en relación ao proceso de elaboración da guía docente. O obxectivo é asegurar que todos os campos están correctamente implementados e dar orientacións, na medida que esta ferramenta se entende como un punto máis no proceso de formación do profesorado en relación ao Espazo Europeo de Educación Superior.

8. A elaboración da Guía Docente da Titulación


A Guía Docente da Titulación recolle o conxunto das guías docentes das materias que elabora o seu profesorado. Ademais, tamén contempla o perfil de competencias da titulación, o plan de estudos, xunto con outros apartados específicos como poden ser: o calendario, os itinerarios, os horarios así coma toda aquela información de interese relacionada coa titulación.

O Profesorado Responsable de Titulación, para o que se contemplan este perfil de traballo no sistema informatizado da Guía de Harmonización da Docencia Universitaria (GADU), é o responsable de coordinar e supervisar a elaboración da Guía Docente da Titulación.

A través deste espazo pódense xestionar as materias, o profesorado, a emisión de informes sobre o estado da docencia na titulación, así como asignar a profesorado que colabore nas tarefas de xestionar a Guía Docente da Titulación.

A imaxe que se presenta a continuación amosa o espazo cos compoñentes que acaban de describir, a través do que se xestionan os procesos relacionados coa titulación.

Figura 2: Espazo de xestión do perfil Responsable de Titulación




9. A elaboración da Guía Docente do Centro

A Guía Docente de Centro recollerá toda a información de interese para o alumnado e o profesorado sobre o seu funcionamento, organización, estrutura, actividades, infraestrutura, calendario, titulacións e as guías docentes das materias de cada unha das titulacións, así como toda aquela información que o centro considere de interese para o mellor desenvolvemento dos servizos que dirixe ás persoas vinculadas coa actividade do centro.

As tarefas para elaborar os apartados que corresponden á Guía Docente de Centro están coordinadas pola Dirección do Centro a través do profesorado que esta asigne. Desenvólvense a través do espazo para o que se contemplan este perfil de traballo no sistema informatizado da Guía de Harmonización da Docencia Universitaria (GADU). Concretamente, estas tarefas están orientadas a:

1. Elaboración e actualización da guía docente do centro, onde se informa dos aspectos institucionais do centro: funcionamento, organización, estrutura, actividades, infraestrutura, calendario, titulacións e as guías docentes das materias (elaboradas polo profesorado da materia) de cada unha das titulacións, etc.
2. Xestión da listaxe de titulacións do centro.
3. Publicación da oferta académica do centro.

Figura 3: Espazo de xestión do perfil da Dirección do Centro



Para o desenvolvemento deste perfil, ademais do profesor responsable de centro, será de gran importancia vincular ao persoal de administración e servizos do centro á ferramenta de planificación docente. Isto dará un valor engadido importante ao proceso. Poden axudar a configurar unha visión práctica e técnica basicamente ao proceso de visibilidade da oferta formativa.

Neste sentido, resulta de interese que os usuarios deste perfil se vinculen ao proceso formativo non só como destinatarios da formación práctica que se realizará a través dun obradoiro específico, se non como formador, en canto que pode servir de apoio a outros compañeiros que desenvolven esas mesmas funcións. Deste modo, a comunicación con este perfil é esencial para definir as pautas da formación e canalizar o asesoramento dunha forma efectiva.

As imaxes que aparecen neste documento nas que se describen as funcionalidades do sistema informatizado de guías docentes amosan o estado actual no que se atopa o desenvolvemento da aplicación. Este sistema está en continua evolución para a mellora das súas funcionalidades co obxecto de adecuala ás necesidades derivadas das propias demandas do profesorado, polo que poderán cambiar no futuro.

10. Os procesos de formación e apoio na implantación no sistema informatizado de guías docentes

Previo á implantación xeneralizada das guías docentes, entre outras accións formativas neste plano, realizaranse diversos obradoiros ECTS presenciais no marco do Plano de Apoio ao Ensino (PAE) que desenvolve a Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea a través da Unidade de Formación e Asesoramento do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE). Estas experiencias céntranse en diferentes aspectos do modelo que se describe na ficha de contidos do obradoiro que se presenta neste documento. Ademais disto, as accións formativas que se prevén están dirixidas a dar apoio ás funcións que se describiron para cada perfil. Esencialmente, estas accións están dirixidas aos seguintes:

- Profesorado da Materia
- Responsable de Titulación (PRT)
- Departamento: Director/a ou Coordinador/a Departamental de Guías (CDG)
- Dirección do Centro

10.1. O profesorado da Materia

A formación que se proxecta persegue uns obxectivos moi concretos no que respecta ao profesorado. Concretamente os obxectivos que nos marcamos respecto a este colectivo son o seguintes:

- Familiarizarse coa nomenclatura e os principios de Bolonia.
- Reflexionar sobre a práctica docente para melloralala.
- Activar procesos de innovación nos métodos de ensino, avaliación, definición de competencias e a selección de contidos.

Modalidade e servizos

Debido á novidade metodolóxica (incorpora novos conceptos derivados do marco que configura o EEES); e o compoñente tecnolóxico da ferramenta, considerouse conveniente que este primeiro exercicio de elaboración da guía docente a través de GADU estea acompañado de persoal técnico especializado.

Coa finalidade de flexibilizar os servizos de apoio nos procesos de formación ao profesorado contémplanse distintas modalidades con ánimo de adaptarse ás demandas e necesidades dos diferentes participantes. Estas non son independentes entre si, senón complementarias e fórmulanse dun modo simultáneo en función das necesidades do profesorado.

As modalidades que se ofrecen son:

- Formación presencial: obradoiros prácticos.
- Formación a distancia: asistente integrado na ferramenta. Autoformación mediante sistemas tutoriais on-line.
- Apoio e asesoramento técnico e metodolóxico personalizado baixo demanda durante o proceso de elaboración das guías docentes.




Os obradoiros presenciais son eminentemente prácticos, dirixidos á obtención dun produto concreto que non é outro que a mesma guía docente, formulada desde os parámetros do EEES.

GADU deseñouse coma un asistente que permite elaborar ao profesorado as guías docentes de maneira autónoma e a distancia, ofrecendo os aspectos técnicos e metodolóxicos necesarios. Por iso, podemos afirmar que GADU é un contorno de autoformación mediante sistemas tutoriais on-line.

A aplicación contén:

- Un manual de soporte técnico sobre o seu funcionamento.
- Un sistema de axudas internas ao programa de carácter metodolóxico:

Táboa 5: Sistema de axudas integradas en GADU

 Consigna	Indica que debe facerse en cada paso que estrutura a guía docente.
 Axuda	Proporciona unha axuda pedagóxica básica que pretende aclarar conceptos relacionados cun paso en concreto.
 Alerta	Preséntase coma un indicador a través do cal se informa de aspectos que deben ser completados, reaxustados ou revisados, coa finalidade de facilitar a coherencia interna da programación entre os diferentes compoñentes da guía docente.

Ademais das dúas modalidades de apoio á formación do profesorado sinaladas (presencial a través de obradoiros prácticos e a distancia a través de tutoriais integrados na propia aplicación), contéplase o servizo de apoio e asesoramento técnico e metodolóxico personalizado, baixo demanda durante o proceso de elaboración das guías docentes. O profesorado pode solicitar asesoramento ben sexa mediante consulta telefónica ou desde GADU, a través de correo electrónico.

O obradoiro presencial

O obradoiro presencial constitúe a modalidade de formación guiada que abarca dun modo completo, tanto os aspectos técnicos como metodolóxicos necesarios para abordar o proceso de elaboración das guías docentes.

As outras dúas modalidades (formación a distancia e apoio/asesoramento personalizado baixo demanda) son alternativas e/ou complementarias en función das demandas do usuario atendendo a criterios de flexibilización.

Por iso, a implantación das guías docentes en clave EEES pretende dar cobertura sobre dous ámbitos de formación:

- **Ámbito metodolóxico:** posto que incorpora novos conceptos derivados do marco que configura o EEES.
- **Ámbito técnico:** xa que require o uso dunha ferramenta informática nova.

Atendendo a estes argumentos centraremos o noso interese en describir a modalidade que abarca todos os aspectos, falamos polo tanto do obradoiro

presencial. A oferta formativa do obradoiro presencial que se dirixe ao profesorado responde ao seguinte deseño:

Táboa 6: Obradoiro de formación para a elaboración das guías docentes das materias

Actividade	Obradoiro	
Título	O deseño das guías docentes das materias no EEES a través do sistema informatizado da UDC	
Destinatarios	Profesorado da UDC	
Recomendacións	A chegar o programa das materias a planificar.	
Duración	5 horas.	
Data e Horario	Baixo demanda	
Lugar / Modalidade	Aula informática con conexión a internet.	Presencial.
Prazas	Tantas por grupo segundo ordenadores dispoñibles.	
Obxectivos		
<ol style="list-style-type: none">1. Coñecer o proceso metodolóxico de adaptación das titulacións ao EEES no contexto da UDC.2. Coñecer o modelo de guía informatizado para o deseño das guías docentes da UDC.3. Deseñar a guía docente da materia segundo o modelo de guía informatizado da UDC.		
Contidos		
<ol style="list-style-type: none">1. O proceso metodolóxico de adaptación das titulacións ao EEES no contexto da UDC.2. O modelo informatizado para o deseño e xestión das guías docentes na UDC.3. O deseño da guía docente da materia segundo o modelo informatizado da UDC. <i>Os compoñentes da guía docente, A planificación da docencia baseada en competencias. As metodoloxías docentes e planificación ECTS. As estratexias e técnicas de avaliación. A atención ao alumnado no novo marco da educación superior.</i>		
Metodoloxía		
Para o desenvolvemento do obradoiro realizaranse prácticas guiadas nas que se combinarán exposicións breves co traballo individual e en pequeno grupo. As persoas que participen traballarán na elaboración da guía docente en clave EEES dalgunha das materias que imparten desde ordenadores con conexión a internet, a través da aplicación para o deseño e xestión das guías docentes da UDC.		
Profesorado		
- Persoal da UDC.		

10.2. O Profesorado Responsable de Titulación (PRT)

A formación que se proxecta para o Profesorado Responsable de Titulación está orientada a:

- Introducción e actualización do perfil de competencias da titulación.
- A elaboración da guía docente da materia.
- Comunicación co profesorado da titulación.
- A revisión e validación das guías docentes da materias.
- A xestión de profesorado con tarefas de colaboración baixo este perfil.
- O soporte ao profesorado das materias da titulación.
- A emisión de informes sobre o estado da docencia da titulación.
- O proceso de elaboración da Guía Docente de Centro.

As modalidades e recursos que se ofrecen son:

- Formación presencial: un obradoiro práctico.
- A disposición dun tutorial específico sobre a xestión da guía da titulación.
- Apoio e asesoramento técnico e metodolóxico personalizado baixo demanda a través do propio sistema.

A contribución da experiencia desta figura será substancial para canalizar os procesos de mellora para o desenvolvemento da docencia no marco das súas respectivas titulacións.

10.3. O Departamento

Como xa destacamos, inicialmente, en tanto non se dispoña deste perfil específico no sistema informatizado da Guía de Harmonización da Docencia Universitaria (GADU), o departamento poderá desenvolver as súas funcións en coordinación co perfil do Profesorado Responsable de Titulación (PRT).

A formación para este perfil enfocarase a:

- Xestión das materias do departamento.
- Asignación e xestión de coordinadores e o profesorado das materias.
- A comunicación co profesorado do departamento.
- A emisión de informes sobre o estado da docencia das titulacións no ámbito do departamento.
- Visualización e validación das guías das materias do departamento.
- A coordinación co Profesorado Responsable de Titulación (PRT) e coa Dirección do Centro.

Igual que para o Profesorado Responsable de Titulación, as modalidades e recursos que se ofrecerán son:

- Formación presencial: un obradoiro práctico.
- A disposición dun tutorial específico sobre a xestión da guía da titulación.
- Apoio e asesoramento técnico e metodolóxico personalizado baixo demanda a través do propio sistema.

10.4. A Dirección do Centro

A formación que se proxecta para a Dirección do Centro está orientada a:

- Elaboración da guía docente de centro.
- Introducción a información xeral do centro.
- Comunicación co profesorado do centro.
- Xestión da listaxe de titulacións do centro.
- Publicación da oferta académica.

Igual que para o Profesorado Responsable de Titulación, as modalidades e recursos que se ofrecen para a Dirección do Centro son:

- Formación presencial: un obradoiro práctico.
- A disposición dun tutorial específico sobre a xestión da guía da titulación.
- Apoio e asesoramento técnico e metodolóxico personalizado baixo demanda a través dos propio sistema.

A participación da Dirección será de gran axuda para implementar este perfil. A partir do obradoiro, xunto co proceso de comunicación que se estableza no asesoramento a este perfil, poderanse recoller as contribucións para a mellora do perfil e de algúns procesos vinculados á ordenación académica.

En definitiva, podemos sinalar en consonancia co mecanismo que describimos, que se definen cinco procesos formativos e de soporte paralelos para a implantación da ferramenta de planificación docente no marco do EEES:

1. Formación metodolóxica ao profesorado relativa aos novos criterios do EEES, a través de obradoiros presenciais e das axudas integradas na aplicación.
2. Formación técnico informática para os catro perfís principais: responsable de titulación, departamento, dirección do centro e profesorado.
3. Sistema de seguimento, feedback e apoio para o profesorado, realizado a través de técnicos, para a confección das guías docentes.
4. Sistema de acompañamento aos responsables da titulación e ao departamento no que respecta á aseguranza da fiabilidade das guías docentes. Sistema de análise e informes da mesma planificación docente.
5. Soporte á dirección do centro para a confección da guía docente de centro.

Estes procesos formativos teñen por obxecto facilitar o cumprimento das funcións que a nivel xeral desenvolve cada perfil en relación cos distintos niveis de planificación e visibilidade da oferta académica (materia, titulación e centro), tal como se indica a través da seguinte táboa:

Táboa 7: Niveis de planificación e visibilidade da oferta académica

Perfiles	Niveis de planificación e visibilidade da oferta académica		
	GD de materia	GD de titulación	GD de centro
Profesorado	x		
Resp. Titulación	x	x	x
Departamento	x	x	
Dirección do Centro			x
Soporte Docente	Información/Formación/Soporte		

11. O calendario anual no proceso de traballo para a elaboración, actualización e publicación das guías docentes de centro, da titulación, da materia e da guía de aprendizaxe

É requisito para a elaboración da guía docente da materia que as competencias das titulacións se introduzan previamente na aplicación. Os perfiles de competencias que elaboraron as titulacións, segundo o modelo proposto pola Vicerreitoría de Calidade, introducíronse na aplicación tanto en galego como en castelán.

O presente calendario recolle o cronograma que se desenvolverá en cada curso académico no deseño das guías que se aplicarán para o curso académico seguinte. Concretamente, este proceso normalizarase segundo este cronograma no curso académico 2007/2008 en adiante. No presente curso académico 2006/2007 iníciase o piloto da súa implantación que se estenderá ao curso académico 2007/2008 a partir do cal se normalizará o de desenvolvemento deste proceso.

A. Calendario da fase piloto de implantación:

Acción	Tempo (maio – setembro 2007)
Introdución das guías docentes das materias	Ate a 1ª semana de setembro
Formación Departamentos: Coordinador Departamental de Guías (CDG)	2ª semana de setembro
Formación Profesorado Responsable de Titulación (PRT)	2ª semana de setembro
Formación Dirección de Centros	3ª semana de setembro
Publicación xeral na web das guías docentes	4ª semana de setembro

B. Calendario xeral:

Corresponde co calendario normalizado de elaboración das guías docentes unha vez finalizada a fase piloto de implantación. No presente calendario cada mes está dividido en dúas partes, de tal modo que cada unha representa unha quincena.

 Tempo no que se pode editar e publicar as actualizacións das diferentes guías

Guías	Descrición de tarefas	Resp.	SE	OU	NO	DE	EN	FE	MA	AB	MA	XU	Xul	AG	SE
GD da Materia	Asignación da docencia ao profesorado	DPTO													
	Elaboración e envío da guía da materia	PM													
	Revisión e validación das guías das materias	DPTO/PRT													
GD da Titulación	Elaboración/actualización dos apartados xerais	PRT													
GD do Centro	Elaboración/actualización dos apartados xerais	DC													
	Publicación da guía de centro coas guías das titulacións e as guías docentes das materias	DC													
Guía de Aprendizaxe	Elaboración e actualización da guía de aprendizaxe	PM													
	Publicación da guía de aprendizaxe	PM													
Emisión dos informes da titulación á Dirección e ao DPTO		PRT													

DC: A Dirección do Centro
 PRT: O Profesorado Responsable de Titulación
 DPTO: O Departamento
 PM: O Profesorado da Materia

A **guía de aprendizaxe** ten un carácter dinámico. O profesorado elabora para un curso académico establecendo o plan de traballo no contexto da materia e fará os axustes necesarios durante o curso co obxecto de adecuar a programación segundo o desenvolvemento e as necesidades do grupo dentro do proxecto definido para a materia na Guía Docente da Materia.

12. Consideracións finais

A modo de síntese, podemos destacar que a guía docente atenderá a criterios de calidade sempre que:

- Sexa realmente útil como instrumento de traballo e orientación para o alumnado.
- Xurda do traballo en equipo dos profesores dunha mesma materia, módulo, curso, ciclo e titulación.
- Sexa visible para o alumnado antes da matrícula, basicamente para axudarlle a tomar a decisión de escoller entre materias, se é o caso dunha optativa ou libre elección.
- Sexa facilmente accesible.
- Manteña unha coherencia, na estrutura e formato co resto de guías docentes das materias do mesmo curso e titulación.
- Non se elaboren illadamente se non como parte dun proxecto formativo común progresivo e interrelacionado en coherencia co perfil da titulación.

13. O soporte técnico e metodolóxico ao proceso de adaptación das titulacións para a elaboración das guías docentes de centro, da titulación e da materia

A UDC facilitará a través da coordinación da Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea o soporte a docencia que implica o desenvolvemento deste complexo proceso.

Este soporte aos procesos vinculados coa docencia levarase a cabo tanto dende o plano tecnolóxico como dende o plano metodolóxico:

1. O soporte tecnolóxico estará coordinado polos administradores dos sistemas informáticos a través da Unidade de Teleformación dos Servizos Informáticos e Comunicacions, que teñen como principal misión garantir a fiabilidade e estabilidade que asegure un correcto funcionamento dos sistemas a través dos cales os distintos perfiles implicados desenvolven as súas tarefas.
2. O soporte metodolóxico está dirixido a levar unha correcta difusión para o coñecemento deste proceso entre a comunidade docente da universidade. Deste modo, deberá:
 - a. Proporcionar apoio, asesoramento e formación ao profesorado e aos diferentes perfiles implicados no proceso de adaptación para a elaboración das guías docentes.
 - b. Participar no desenvolvemento e coordinación dos mecanismos de seguimento do proceso para a aseguranza da calidade a través das análises que resulten dos informes que permite configurar o propio sistema.



Para sistematizar este proceso de traballo, xunto con outras funcións dirixidas a implementar os servizos no ámbito da docencia, a UDC poñerá en marcha unha comisión técnica de soporte á docencia co persoal e recursos técnicos e materiais necesario para o desenvolvemento das súas funcións, en coordinación con outros servizos desta universidade, baixo a dirección da Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea, ou a que asume estas competencias, segundo se describe no documento anexo que recolle a memoria de posta en marcha do Soporte á Docencia (SD).

